



ACTA DE ACORDOS ASAMBLEA ORDINARIA

05/03/2017

Membros da Asamblea asistentes con dereito a voto:

- Jose Manuel Estévez Feijoo (Presidente F.G.X)
- Club Escola Burgas (Dna. M^a Isaura Hermida Pérez)
- Club Ximnasia Pavillón (Dna. M^a Pilar Iglesias Armada)
- Club Ximnasia Rítmica Arousa (Dna. M^a Victoria González)
- Club Ximnasia Pontevedra (D. Noemí Blanco Souto)
- Natalia Gómez Blanco (Rpte. Estamento Técnicos)
- Iago Covela Iglesias (Rpte. Estamento Técnicos)
- Santiago Filgueira Bravo (Rpte. Estamento Xuíces)
- Sandra Estrada Fernández (Rpte. Estamento Xuíces)

Membros da Asamblea con dereito a voto que non asisten:

- Club María Barbeito
- Club Ximnasia Coruña
- Club Acordes
- Club Tempo
- Club Maniotas
- Club Saraiba E.D. Poio
- Club Quicela
- Club Escola Ximnasia Porta Norte
- Club Treboada
- Club Sieiro Acrobacia Vigo
- Club Flic Flac
- Club Escola Ximnasia Pavillón
- Carlos Vicente Mariño (Rpte. Estamento Xuíces)
- Iván Estévez Benavides (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Paola Melón de la Iglesia (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Antía Duro Pichel (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Daniel Pérez Morales (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Marta Rodríguez Dopazo (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Miriam Cid Mira (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Adrián Soliño Filgueira (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Nelly Bouso Gasalla (Rpte. Estamento Técnicos)
- Elena Sierra Palmeiro (Directora Escola Galega F.G.X.)

Membros da Asamblea asistentes con voz pero sin dereito a voto:

- Antonio Álvarez Rodríguez (Vicepresidente 2)
- Cristina Sánchez Martínez (Secretaria Xeral)
- M^a Cristina González Sueiro (Secretaria Técnica)
- Román Vidarte Soto Barrio (Tesoureiro)
- Pilar Pardo Madarro (Delegada Provincial A Coruña)

Sendo as 11:30 horas do día 05/03/2017 da comenzo en 2^a Convocatoria a Asamblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Ximnasia, celebrada no salón de Actos do Centro Social "Troya" en Ourense.



ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

2º.: Aprobación Contas e Memoria Económica 2016.

O Tesoureiro fai un resumo da Memoria Económica adxunta co fin de esclarecer posibles dúbidas dos membros da Asamblea así como a súa mellor comprensión para os membros da Asamblea sin formación específica en temas económicos.

A continuación procedemos a facer un resumo da Memoria Económica do ano 2016. Procédese a leer os capítulos 1 e 2 da memoria.

03) APLICACION DE RESULTADOS.- O resultado do exercicio ascende a 39.883,49 € e se somete á Asamblea o criterio de aplicación que a asamblea decide aplicalo ao ano 2016.

04) NORMAS DE REXISTRO E VALORACION.- procédese a leer as páxinas de memoria 2,3,4,5,6.

05) INMOBILIZADO MATERIAL,INTANXIBLE E INVERSION INMOBILIARIAS.-

Párrafos 1º 2º 3º y 4º- corresponden ao ACTIVO do Balance de Situación (movementos, amortizacións aumentos dotación..etc...)

06) ACTIVOS FINANCIEROS.- O párrafo 1º corresponde ao ACTIVO do Balance de Situación e refírese aos saldos de caixa e bancos ao 31/12/2016.

07) PASIVOS FINANCIEROS.- Corresponde ao PASIVO do Balance de Situación e desglósase en importe dos pasivos:

SAFE EDUCACION: aplázase o pago ata primeiros do ano 2017 e o saldo a s/fv. de 25.240,00€ se liquida en xaneiro 2017.

Curso Formación Persoal Federación, mediación INSS.- 420,00€.

Movistar regularización 367,69 €.

Saldo INSS 2015-106,50 €

Saldo HACIENDA-IRPF 4º T – 289,80 €

Licencia juez ing.-2016 a cuenta de 2017.- 100,00 €

Capítulos 08) e 09) Son leídos e explicados á asamblea

10) INGRESOS E GASTOS.- Corresponden ao DEBE de Pérdas e Ganancias e son os gastos do persoal asegurado pola Federación.

Px.-10.- Outros gastos de explotación.- Corresponden ao DEBE de Pérdidas e Ganancias.

Párrafo seguinte.- INGRESOS FEDERATIVOS.- Corresponden ao HABER de Pérdidas e Ganancias.

Párrafo seguinte.- INGRESOS EXPLOTACION.- Corresponden ao HABER de Pérdidas e Ganancias.- (Ing. Explotación-xestión ,subvencións,)

11) SUBVENCIONES, DONACIONES E LEGADOS.- Corresponden ao HABER de Pérdidas e Ganancias.- Detállase no recuadro.

Capítulos 12,13 e 14.- Son leídos á Asambles

15) INFORMACION SOBRE APLAZAMENTOS SEGÚN LEI.- Corresponden ao DEBE de Pérdidas e Ganancias.-Dentro do prazo máximo legal (SAFE 25.240 € - FORMACION INSS 420.-€.- MOVISTAR 367.69 € A.T.E. (IRPF)-289.80 €

16) Procése á lectura das bases de presentación da liquidación do orzamento.

17) CONCILIACIÓN DO ORZAMENTO E CONTA DE PERDAS E GANANZAS: Os gastos de amortización son 480,18 € e 4.030,73 €.-

Os membros da Asamblea presentes aproban por unanimidade este punto da orde do día.



3º.: MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016.

A Secretaria Xeral de F.G.X. procede a facer un breve resumo da Memoria facilitada con anterioridade aos membros da Asamblea.

Dita Memoria desglósase en sete programas.

No Programa I recóllese o detalle do persoal da Federación con sus funcións así como a retribución económica dos membros. Así como un breve detalle dos gastos en bens correntes e servicios.

No Programa II Actividade Ordinaria recolleemos as licenzas correspondentes ao ano 2016 que ascenden a un total de 4.158. Na memoria recóllese com detalle o número de licenzas segundo os distintos tipos e modalidade, así como unha distribución das Licenzas Nacionais Homologadas e Licenzas Nacionais Federativas.

Tamén destacar que no ano 2016 tivemos un total de 45 Clubes adscritos a esta federación e 39 escolas Deportivas.

En dito programa e no apartado de competicións temos un resumo dos distintos campionatos Autonómicos e Nacionais nas distintas modalidades.

No Programa III de Tecnificación recóllese as liñas de Actuación da tecnificación na tempada 2016. A modo de breve resumo, máis detallado na memoria adxunta, podemos destacar en Rítmica a Concentración celebrada a principios de Setembro a cargo do equipo técnico de Club Mabel, do que defínense dous grupos de tecnificación que engloban a 18 ximnastas galegas. En Acrobática e Trampolín destínase o orzamento a apoiar aos ximnastas a nivel internacional dada o excelente nivel dos ximnastas en ambas modalidades. En Acrobática apoiamos á participación dunha Parella Mixta do Club Flic Flac na súa participación no Campionato de Mundo celebrado en Putián (China) onde ambos ximnastas se clasificaron na final acadando un séptimo posto. En Trampolín apoiamos á expedición galega na súa participación no Campionato Europeo que se celebrou en Valladolid. En Artística Masculina fixeron unha saída a un centro de Alto Rendemento. En Ximnasia Artística Feminina realizáronse unhas xornadas de tecnificación no INEF de Coruña a cargo de D. Álvaro Montesinos responsable no CAR de Sant Cugat.

No Programa IV Deporte Escolar recóllese os resultados dos Campionatos en Deporte Escolar das distintas modalidades acadando este ano 2016 cifras record de participación en tódalas modalidades. Recóllese así mesmo os resultados da Copa Deputación de Ourense que pretende achegar a ximnasia aos núcleos rurais. Así como os resultados dos campionatos Provinciais de Galego de Ximnasia Promoción.

No Programa V Outros Programas de Especial Relevancia recolleemos os resultados de Competicións internacionais, mundiais, copas Torneos Internacionais...

No Programa VI Docencia temos un resumo dos cursos realizados no ano 2016 sendo o ano no que máis cursos de niveles de técnicos foron realizados. Facendo I Nivel de Rítmica, Acrobática, Trampolín e Artística, II Nivel de Rítmica e Trampolín e III Nivel de Ximnasia Acrobática.

No Programa VII Galería de Imaxes e Prensa: refléxase un detalle das imaxes de distintas modalidades nas distintas actividades celebradas no ano 2016 na federación.

Os membros da Asamblea presentes informan positivamente este punto da orde do día.



4º.: Calendario Provisional 2017.

Preséntase na assemblea o Calendario provisional de Competicións do ano 2017.

Os membros da Asamblea presentes aproban por unanimidade este punto da orde do día

5º.: Oficialidade Torneos primeiro Semestre.

Na reunión de Xunta Directiva e Comisión Delegada celebrada o pasado 04 de marzo estudamos a concesión da oficialidade dos Torneos solicitados neste primeiro semestre según a documentación aportada por cada entidade, acadando os seguintes acordos:

- Torneo Primavera Ourense: Oficialidade Concedida
- Torneo Internacional Vila de Ribadavia: Oficialidade Concedida
- XI Torneo As Triscas: Pendente concesión previa comunicación do aforo do Pavillón onde se realizará o evento.
- II Torneo Cidade de Vigo: Oficialidade Concedida
- II Pequechampions Acro League: Pendente concesión. Deben enviar normativa e datos da instalación onde se desenvolverá o evento
- I Open Treboada Cidade do Lerez: Pendente concesión. Deben enviar normativa e datos da instalación onde se desenvolverá o evento.
- III Torneo Cidade de A Coruña: Pendente concesión. Deben facer unha solicitude de oficialidade com fin de ceder o practicable. Enviando tamén as datas e normativa do evento.

Todos estos clubes deben firmar un convenio que se presenta ante a Asamblea o cual detallamos nos arquivos adxuntos.

Dna. Isaura Hermida expón a súa preocupación en que ditos torneos creen conflitos co calendario de Actividades da Federación Galega. O presidente resposta que nese caso o risco corre a cargo dos clubes organizadores da actividade xa que os xuíces teñen obriga de dar preferencia aos campionatos oficiais da Federación. Os torneos privados sin oficialidade da Federación son totalmente alleos á FGX non tendo nós ningún control nin responsabilidade sobre os mesmos.

Os membros da Asamblea presentes aproban por unanimidade este punto da orde do día.

6º.: Unión Federaciós Estética.

O presidente da Federación informa aos membros presentes que durante o ano 2016 engadimos unha nova modalidade a nosa Federación, a Ximnasia Estética. Dado que non está aínda recoñecida na RFEG as distintas comunidades autónomas que sí teñen recoñecida esta modalidade están considerando facer unha Asociación para dar marxe legal e poder organizativo para establecer unha Liga Oficial de Ximnasia Estética.

O Presidente pide o Respaldo da Asamblea para poder adherirse á Unigym (Unión Federación autonómicas con Ximnasia Estética).

Os membros da Asamblea presentes votan por unanimidade este punto da orde do día.

7º.: Suxerencias e Preguntas.

Dna. Mª Carmen Blanco solicita o estudo da posible organización dunha Ximnastrada non competitiva para dar cabida a tódolos ximnastas que non teñen un ámbito de participación en campionatos autonómicos polo seu nivel técnico pero que sí deben ter unha actividade organizada pola federación que os ampare non só relegando a súa actividade aos torneos de fin de curso dos clubes.



A Federación estudará dita proposta.

D. Iago Covela quere deixar constancia dos problemas detectados co funcionamento do Seguro Deportivo. Como primeiro punto deixa constancia que a aseguradora chama directamente ás familias cuando son asuntos, que nalgúns casos abranguen directamente ao clube ou incluso á Federación. Neste punto respótaselle que eles chaman ao número de contacto que refiren no parte de Accidentes. Nese caso deberían plantexar poner o número do club non das familias.

Dña. M^a Carmen Blanco nomea unha queixa escrita cun problema dunha ximnasta derivada por un facultativo do centro Médico El Carmen. No que a súa práxis non foi correcta derivando noutros problemas posteriores. Dende a Federación explícase que dita queixa foi transmitida ao mediador e á compañía pero que debemos ser conscientes da escasez de centros privados nalgúns provincias sendo imposible ser modificados os centros de asistencia.

D. Santiago Filgueira incide en que os pais deberían nese caso adquirir a posición de denunciante xa que na meirande parte dos casos só hai faladurías sin tomar ningunha acción posterior.

D. Iago Covela indica a súa disconformidade na necesidade de pasar por urxencias para ir ao especialista. Non o considera operativo. Tamén considera que os protocolos do seguro que obligan a reposo previo interrompindo así a evolución deportiva non son axeitados na meirande parte dos casos.

Dende a Federación explícase que tódolos seguros deportivos se amparan no marco legal vixente e que o único que buscan e abaratar costes apoiándose nos límites legais que os amparan, asemade debemos facer unha reflexión sobre o custo do seguro deportivo e os servizos que nos cubre sendo estes máis que favorables na nosa práctica deportiva.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 13:00 h do día arriba indicado do que dou fé como Secretaria.

Asdo.: Cristina Sánchez Martínez

Ourense, 05/03/2017